



RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE CONCEDE UNHA AXUDA AO ABEIRO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO APROBADA POLO GALP 1. A MARIÑA - ORTEGAL AO PROXECTO "ACTIVIDADES CENTENARIO CONFRARÍA DE PESCADORES DE BURELA" PRESENTADO POR COFRADIA DE PERCADORES DE BURELA SAN JUAN BAUTISTA CON NIF: G27008515 .

Vista a proposta de resolución definitiva efectuada polo **GALP 1. A Mariña - Ortegal**, para a adjudicación de axudas reguladas pola Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e da Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024 (código de procedemento PE155A), e en cumprimento da seguinte normativa de aplicación:

O Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados (RDC).

O Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004 (RFEMPA).

O Programa FEMPA, aprobado pola Decisión da Comisión de aprobación do Programa FEMPA en España (CCI 2021ES14MFPR001) o 29 de novembro de 2022 .

O Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis.

O Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión Europea, polo que se modifican os Regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm.1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012 (Regulamento financeiro da UE).

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

O Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.

O Real decreto 79/2019, de 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

O Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, por lo que se aproba definitivamente o plan de ordenación do litoral de Galicia.

A Lei 4/2023, do 6 e xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

A Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipada de gasto (código de procedemento PE155A)

A persoa titular da Consellería do Mar **RESOLVE** conceder unha subvención en efectivo (equivalente bruto de subvención) ao seguinte proxecto, cos requisitos e nas condicións establecidas nos números seguintes, a cuxo cumprimento se compromete a persoa beneficiaria coa aceptación da axuda.



I. Requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos:

Denominación do proxecto	ACTIVIDADES CENTENARIO CONFRARÍA DE PESCADORES DE BURELA	Núm.de expediente	PE155A-2024-00216
Convocatoria da axuda	2024		
Identificación	Programa FEMPA para España 2021ES14MFPR001		
	Prioridade: 3		
	Obxectivo específico: Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas»		
	Tipo de actividade 3.1.2 Estratexias de desenvolvemento local participativo. Tipo de Intervención 14. Aplicación da estratexia de CLLD.		
Organismo Intermedio de Xestión	Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro		
Persoa(s) beneficiaria(s)	Nome	NIF	
	COFRADIA DE PERCADORES DE BURELA SAN JUAN BAUTISTA	G27008515	
Obxecto	<p>Proxecto de carácter divulgativo, sensibilizador e inclusivo, que abrangue 9 actividades coa finalidade de pór en valor o traballo realizado pola Confraría de Burela durante un século, para dar un maior recoñecemento do seu papel como entidade dinamizadora da zona costeira no ámbito social, económico, medio ambiental e cultural, e impulsora de medidas desde o sector pesqueiro cara a veciñanza e poñendo en valor os recursos do mar. As actividades consistirán en: Realización de mural na fachada frontal e lateral da Confraría deseñado polo alumnado de Belas Artes do IES MONTE CASTELO baixo a dirección e execución de artistas, onde se combina arte coa historia do porto de Burela e que honrará a mulleres e homes do mar de Burela, o mural contará con alumeado de enerxía solar renovable, promovendo a eficiencia, rentabilidade e sosteñibilidade do medio ambiente, unha vez realizado farase unha adaptación, para que as persoas con discapacidade visual poidan acceder ao seu contido. Unha mesa redonda onde interveñen varias persoas directamente implicadas na Confraría ao longo da súa historia, co fin de coñecer o papel desta entidade social e o que supuxo para o desenvolvemento da Burela que coñecemos hoxe en día. Homenaxe ás mulleres do mar de Burela, a través dunha recompilación de fotografías e posterior exposición onde as paredes do interior da Confraría servan de lenzos permanentes, para dar a coñecer o mundo do mar e por en valor os oficios tradicionais desenvolto por mulleres no Porto de Burela (peixeiras, redeiras, mariñeiras, conserveiras, etc.). Un campamento mariñeiro, donde un grupo de adolescentes converteranse en "mariñeiros e mariñeiras" durante 2 días, recepcionados polo Patrón Maior, visitarán as dependencias da Confraría, así como aos redeiros e redeiras, coñecerán e pernoctarán no Barco Museo Reina del Carmen, asistirán ás subastas de peixe na lonxa de Burela, farán unha visita á faia xeolóxica de Burela, e se o tempo o permite farase unha ruta en kaiaks ata chegar á Igrexa de Coedo. Exposición permanente con cadros dos patróns maiores dos 100 anos da Confraría. Xornada interxeracional a adicada á música mariñeira e da terra, onde distintas bandas tradicionais de Burela recordarán os tempos do mar en que a música servía de distracción para os mariñeiros, nela convivirán persoas maiores e mozas, quenes se enriquecerán de experiencias e aprendizaxes claves que lles invite a seguir co traballo no sector pesqueiro. Realización de audiovisual conmemorativo do Centenario e gravado en USBPENDRIVE onde se fai un percorrido pola historia da Confraría e do pobo, desde a Burela de principios de século, os seus barrios e a súa tradición mariñeira, ata a Burela do século XXI, contando con testemuñas dos seus principais protagonistas. Breve libríño onde se pode visualizar a historia da Confraría durante os 100 anos de vida e a súa aportación socioeconómica e labor social, contribuíndo a facer a Burela que hoxe en día coñecemos, así como un recopilatorio de todas as actividades realizadas co motivo do seu Centenario. A través do libríño tamén se levará a cabo unha homenaxe aos náufragos de Burela. Adquirisare material de comunicación e marketing para o desenvolvemento de cada actividade de difusión, divulgación e sensibilización do proxecto, que será repartida a todas as persoas participantes de cada actividade.</p>		
Ubicación da operación	Burela		
Información relativa á operación	<i>Facilitarase e actualizarase a información relativa á operación solicitada polo Organismo Intermedio de Xestión, para cumprir coas obrigas de remisión regular de datos á Comisión Europea establecidas no RDC e o RFEMPA (entre outros, os indicadores)."</i>		
Axuda de Estado	NON		

II. Plan financeiro:

Importe total da operación	121.191,75 €	
Importe total subvencionable	121.191,75 €	Porcentaxe da subvención
		100,00%



Importe privado	0,00 €		
Importe Público	Total subvencionado	70% FEMPA	30% Comunidade Autónoma
	121.191,75 €	84.834,22 €	36.357,52 €
Proxecto conxunto (SI/NON)	NON		
IVE subvencionado (SI/NON)	NON		

III. Prazo de execución:

Data de Inicio	05/03/2024
Prazo final de execución e xustificación 2024	31/10/2024

IV. Conceptos subvencionables:
Anualidade 2024:

Conceptos	Importe solicitado			Importe subvencionable			Importe subvencionado
	Importe	IVE	Total	Importe a minorar	Motivo minoración	Total	Total
ACT.1. "UN MURAL DE ARTISTAS" (I71). Pintado das fachadas lateral e frontal da Confraría.	26.400,00 €		26.400,00 €	0,00 €		26.400,00 €	26.400,00 €
ACT.1. "UN MURAL DE ARTISTAS" (I71) . Andamiaxe para a realización de murales nas fachadas lateral e frontal da Confraría.	6.860,00 €		6.860,00 €	0,00 €		6.860,00 €	6.860,00 €
ACT.1."UN MURAL DE ARTISTAS" (I71) . Realización do mural da fachada lateral da Confraría.	15.394,00 €		15.394,00 €	0,00 €		15.394,00 €	15.394,00 €
ACT.1. "UN MURAL DE ARTISTAS" (I71) . Realización do mural da fachada frontal da Confraría	32.478,25 €		32.478,25 €	0,00 €		32.478,25 €	32.478,25 €
ACT.1. "UN MURAL DE ARTISTAS" (I71) . Instalación de 20 luminarias LED 150W.	4.185,00 €		4.185,00 €	0,00 €		4.185,00 €	4.185,00 €
ACT.4. "O PORTO DE BURELA EN CLAVE FEMININA" (G44) . 30 impresións directas sobre PVC de 5 mm, en tamaño 30x40.	916,00 €		916,00 €	0,00 €		916,00 €	916,00 €
ACT.5. "CULTURA MARIÑEIRA INCLUSIVA" (G44). Plano accesible dibond de3mm 100x80cm, realizado con braille e autorrelevo	1.350,00 €		1.350,00 €	0,00 €		1.350,00 €	1.350,00 €

Tipo de actividade 3.1.2.- Aplicación de estratexias das EDLP
Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%



Conceptos	Importe solicitado			Importe subvencionable			Importe subvencionado
	Importe	IVE	Total	Importe a minorar	Motivo minoración	Total	Total
ACT. 6. "CAMPAMENTO MARIÑEIRO" (G44) . 2 días, con pernocta no barco museo. Visitas a diferentes localizacións relacionadas co mundo mariñeiro. Obradoiro mariñeiro. Ruta en kaiaks para visitar a "Igrexia de Coedo". Inclúe comida, cena e almorzo. Coordinación e dous monitores. Seguro de accidentes a participantes.	1.116,50 €		1.116,50 €	0,00 €		1.116,50 €	1.116,50 €
ACT. 7. "CADROS DE HONRA PATRÓNS MAIORES" (G44). 14 impresións directa sobre lienzo Fineart, tamaño 40x50	844,00 €		844,00 €	0,00 €		844,00 €	844,00 €
ACT. 8. "AO SON DO MAR" (G44). Xornada divulgativa da cultura mariñeira adicada á música. participación de cinco grupos musicais da zona.	4.650,00 €		4.650,00 €	0,00 €		4.650,00 €	4.650,00 €
ACT. 9. "100 ANOS, TEN HISTORIA" (G44) -Video documental de duración mínima 45 minutos - 500 USB - PENDRIVE Personalizados	12.785,00 €		12.785,00 €	0,00 €		12.785,00 €	12.785,00 €
ACT. 10. "LIBRIÑO DOS 100 ANOS DA CONFRARÍA" (G44) . Imprenta de 50 exemplares de 64 páxinas aprox, "TAPA DURA" edición limitada, tamaño 21x21. Imprenta de 450 exemplares de 64 páxinas aprox, "TAPA BLANDA" edición popular, tamaño 21x21.	7.300,00 €		7.300,00 €	0,00 €		7.300,00 €	7.300,00 €

Tipo de actividade 3.1.2.- Aplicación de estratexias das EDLP
Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%



Conceptos	Importe solicitado			Importe subvencionable			Importe subvencionado
	Importe	IVE	Total	Importe a minorar	Motivo minoración	Total	Total
ACT. 11. "ADQUISICIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL DO PROXECTO" (G55) 1 Banner grande + lona 120x200cm 2 Banner estándar + lona 82x180cm 250 mochilas de cordas infantil con logo centenario 250 estuches infantil con logo centenario Imprenta 500 libretas centenario 500 camisetas conmemorativas centenario 1 color 500 gorras conmemorativas centenario 1 color Impresión 4 carteles PVC tamaño A3 con logos financiación proxecto.	6.913,00 €		6.913,00 €	0,00 €		6.913,00 €	6.913,00 €
Total	121.191,75 €		121.191,75 €	0,00 €		121.191,75 €	121.191,75 €

Tipo de actividade 3.1.2.- Aplicación de estratexias das EDLP
Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%



V. Información sobre comunicación e visibilidade:

O beneficiario da axuda, acepta e comprométese a:

- Poñer á disposición da Unión Europea (UE), os materiais de comunicación e visibilidade, logo de petición, e autorizar o seu emprego polo Organismo Intermedio de Xestión, a Autoridade de Xestión e os organismos da UE. Isto non suporá custos adicionais significativos ou carga administrativa significativa a persoas beneficiarias nin a órganos xestores.

- Cumprir o establecido nos artigos 47 e 49 do RDC e o artigo 50 do RFEMPA. Cómpre destacar:

1º. Se o beneficiario dispón de web ou contas en redes sociais, realizarán unha breve descrición da operación en relación co nivel de axuda, cos seus obxectivos e resultados, e destacarán a axuda financeira da Unión Europea.

2º. Nos documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación destinados ao público ou participantes, incluírán unha declaración que destaque a axuda da Unión Europea, de maneira visible.

3º. Tan pronto como comece a execución física de operacións, que impliquen investimentos físicos ou se instalen equipamentos adquiridos, cun custo superior a 100.000 euros, exhibiranse placas ou valos publicitarios resistentes nun lugar ben visible para o público, onde apareza o emblema da Unión Europea, de conformidade coas características técnicas que figuran no anexo IX do RDC.

4º. Para as operacións non incluídas no ordinal 3º, exhibirán nun lugar ben visible para o público, un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica, con información sobre a operación, que destaque a axuda do FEMPA.

Cando a persoa beneficiaria sexa unha persoa física, na medida do posible, asegurará a dispoñibilidade da información onde se destaque a axuda do FEMPA, nun lugar visible, para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

- En calquera actuación incluírán, así mesmo, o logotipo da Xunta de Galicia.

- O emblema da Unión Europea empregárase de conformidade co anexo IX do RDC cando se realicen actividades de visibilidade, transparencia e comunicación, así mesmo, incluírase a declaración: «Financiado pola Unión Europea» ou «Cofinanciado pola Unión Europea» que se escribirá sen abreviar e xunto ao emblema.

- Cando as persoas beneficiarias non empreguen o emblema da Unión Europea ou incumplan o establecido nos puntos 1º a 4º anteditos, o organismo intermedio de xestión aplicará medidas, tendo en conta o principio de proporcionalidade, e cancelará ata un máximo do 3 % da axuda á operación.



- Facer mención á orixe do financiamento e velar por darlle visibilidade, en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios/as, incluídos os medios de comunicación e ao público en xeral, de conformidade co artigo 60 do Regulamento (UE) 2021/1139.

VI. Condicións xerais:

O beneficiario da axuda, acepta e comprométese a:

- 1º Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, co cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, na orde de bases reguladoras da axuda, a convocatoria e demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material.
- 2º Comunicarlle, a consellería do Mar, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, que financien as actividades para as cales se solicita axuda, así como calquera circunstancia que poida afectar, substancialmente, a execución ou a consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda, de que se trate.
- 3º Aplicar á actividade subvencionada, os rendementos financeiros, que se xeren polos fondos librados á persoa beneficiaria, que incrementan o importe da subvención concedida.
- 4º Achegar e actualizar toda a información que lles sexa requirida, en relación coas subvencións concedidas, e someterse ás actuacións de comprobación, que deba efectuar o GALP ou a Consellería do Mar, así como calquera outra actuación de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea. Particularmente, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- 5º Aportar e actualizar a información relativa, ao proxecto, solicitada pola Consellería do Mar.
- 6º Achegar e actualizar a información relativa aos indicadores que sexa solicitada polo Organismo Intermedio de Xestión (OIX).
- 7º Proporcionar toda a información e datos necesarios, para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, para poder dar cumprimento ao artigo 42 do RDC e ao artigo 46 do Regulamento (UE) 2021/1139.



- 8º - Permitir a inclusión da operación e os seus datos na lista de operacións por Programa que a Autoridade de Xestión manterá para a súa consulta a través da web.
- 9º Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 11 do Regulamento (UE) 2021/1139, de conformidade co seu número 4.
- a. Cumprir as condicións de admisión do artigo 11.1, durante todo o período de execución da operación, e durante un período de cinco anos despois da realización do pagamento final á persoa beneficiaria. No caso de incumprimento destes períodos, recuperarase a axuda concedida, de conformidade co artigo 44 do Regulamento (UE) 2021/1139 e co artigo 103 do RDC.
 - b. Cumprir as condicións de admisión da solicitude do artigo 11.3 presentadas por un operador, respecto do cal a autoridade competente determinase, por medio dunha resolución definitiva, que cometeu fraude, no contexto do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) ou do FEMPA.
 - c. No caso de se detectaren infraccións ou fraude, en controis posteriores á concesión da axuda, recuperarase a axuda concedida de conformidade co artigo 202 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046.
- 10º Manter os investimentos en infraestruturas ou investimentos produtivos, obxecto de subvención durante 5 anos, polo menos, ou 3 anos no caso de pemes, desde o pagamento final da axuda, de acordo co artigo 65 do RDC. Tomarase como data de referencia para o cálculo dos períodos de tempo mencionados, a data contable do último pagamento da axuda. Os supostos do artigo 65.1 do regulamento mencionado non se aplican no caso de producirse o cesamento dunha actividade produtiva, por quebra non fraudulenta.
- 11º De acordo co artigo 65 do RDC, se unha operación comprende inversións en infraestruturas ou inversións produtivas, a persoa beneficiaria reembolsará *pro rata temporis* a axuda se nos 5 anos seguintes ao pago, ou 3 anos no caso de mantementos de inversión ou de postos de traballos creados por pemes, si se produce o cese ou transferencia da actividade produtiva fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ou un cambio na propiedade que dun elemento da infraestructura que proporcione unha vantaxe indebida ou un cambio substancial que afecte á natureza, aos obxectivos ou as condicións de execución da operación que menoscabe os seus obxectivos orixinais.
- 12º Non obstante o anterior, no caso de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables inscribibles nun rexistro público (como son, inmobles tanto en propiedade como en alugamento, as autorizacións e concesións, os vehículos, as embarcacións e a maquinaria industrial, entre outros), farase constar a afectación destes á axuda no rexistro público correspondente polo prazo de 5 anos. Neste caso, deberá achegarse, coa última



solicitud de pagamento, a documentación acreditativa da presentación da solicitude de inscrición da afectación do ben á subvención no rexistro correspondente. Unha vez recibido o último pagamento da axuda, presentará a certificación da inscrición no rexistro da afectación do ben á subvención no prazo máximo de tres meses.

- 13º Xustificar ante o GALP, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento do obxecto e finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención, conforme o establecido na orde de bases reguladoras, na convocatoria ou na resolución de concesión, nos prazos establecidos.
- 14º Conservar os documentos xustificativos relacionados coa operación que recibe axuda durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que o organismo intermedio de xestión lle efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria.
- 15º Os rexistros e documentos conservaranse, segundo o disposto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, isto é, ben en forma de orixinais, ben en forma de copias auténticas, ben en soportes de datos comunmente aceptados; entre eles, versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos unicamente existentes en versión electrónica. Cando existan versións electrónicas, non serán necesarios orixinais, se os ditos documentos compren os requisitos legais para poder ser considerados equivalentes a orixinais e fiables, para os efectos de auditoría.
- 16º Levar rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións, relacionadas coa operación, de conformidade co artigo 74 do RDC.

Esta obriga afecta a calquera tipo de persoa beneficiaria, incluídos aqueles que non teñan a obriga mercantil ou fiscal de levar un sistema de contabilidade separado, como é o caso das persoas traballadoras autónomas.
- 17º Conservar o rexistro documental e gráfico, que avale o cumprimento das obrigas de comunicación e visibilidade, que estará á disposición das autoridades do programa e da Comisión Europea, cando se solicite.
- 18º Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non superar os límites establecidos para a subcontratación, na orde de bases reguladoras da axuda e no seu defecto na lei citada.
- 19º Cumprir coa normativa comunitaria, nacional e rexional vixente segundo a normativa sectorial que resulte de aplicación.
- 20º Respetar a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Ten en conta a promoción e igualdade entre mulleres e homes e non-discriminación. Evitar calquera discriminación por



razón de xénero, orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual, tendo presente a accesibilidade para as persoas con discapacidade, de ser o caso.

21º No caso de non ser quen de realizar a actuación para a cal se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado, no momento en que se produza a certeza da non execución.

22º Comunicarlle a consellería do Mar o cambio de provedor por causas sobrevidas expoñendo razoadamente as causas e consecuencias.

23º Naqueles supostos nos que se opuxera, expresamente, á consulta dos datos no procedemento de tramitación da axuda, acreditar, perante o GALP, na solicitude de pagamento, que se encontra, ao corrente, no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.

24º Reintegrar os fondos percibidos nos supostos do artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

25º Adoptar as medidas adecuadas e correctoras contra o fraude, así como comunicar ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), os feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, a través do seu canle de denuncia: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>

26º Calquera outra condición ou obriga derivada do articulado da orde de bases reguladoras e demais normativa de aplicación ás subvencións.

27º A Consellería do Mar publicará, na súa páxina web oficial, a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Tamén se publicarán, no Diario Oficial de Galicia: as axudas concedidas (expresando a convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen), a persoa ou persoas beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

28º Os beneficiarios da presente axuda deberán comunicar, no prazo de 10 días, a súa aceptación ou rexeitamento, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar. Transcorrido este prazo, sen producirse manifestación expresa nalgún dos sentidos indicados, entenderase tacitamente aceptada, nas condicións fixadas nesta resolución, entre as que se inclúen ás do DECA, segundo dispón o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.



29º A aceptación da axuda leva implícita a declaración responsable do beneficiario de que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións establecidas na resolución de concesión da axuda.

30º Así mesmo, esta aceptación da axuda supón permitir, por un lado, a inclusión da operación e os seus datos na lista de operación por Programa Operativo, que a Autoridade de Xestión manterá para consulta a través da web e, por outro, a subministración de información á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), de conformidade co Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

VII. Condicións específicas para proxectos conxuntos:

No caso de proxectos conxuntos, os socios deberán ratificar, ante o órgano de xestión, os compromisos de participación conxunta, e o nomeamento de apoderado/a, para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.

VIII. Condicións específicas para axudas de minimis:

Se a axuda concedida está amparada polo Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, deberá cumprir co establecido no seu articulado, no que sexa aplicable.

- 1º O beneficiario non poderá superar, con este tipo de axudas, os 300.000€, durante calquera período de tres exercicios fiscais.
- 2º De tratarse dun proxecto para investimentos que supoñan o desenvolvemento dunha actividade económica, a persoa beneficiaria, esixirase a creación de posto/s de traballo e a persoa beneficiaria deberá manter o/s posto/s de traballo creado/s a tempo completo (UTA/s) nas condicións comprometidas, e durante o tempo de 3 anos, no suposto de PEMES, ou 5 anos, nos demais casos.

IX. Contido das condicións da axuda.

A presente resolución incorpora o contido esixido pola Circular 1/2023 da Dirección General de Ordenación Pesquera, pola que se aproba o documento que establece as condicións da axuda (DECA), en base ao estipulado polo artigo 73.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.



En virtude do exposto, procede a notificación desta resolución a quen corresponda, e en particular, á persoa ou persoas beneficiarias, aos efectos do seu coñecemento.

Contra esta resolución poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

O conselleiro do Mar

P.D. Orde 21.02.2022 (DOG nº 41 do 01.03.2022)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña